

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE 2º INSTRUMENTO TROMBÓN (Composición)

CURSO 2023 / 2024

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA 2º INSTRUMENTO TROMBÓN										
Cuatrimestres I a IV										
ESPECIALIDADE:	COMPOSICIÓN							ITINERARIOS:	-----	
CARÁCTER:	OBRIGATORIA							TIPO DE CLASE:	INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO:	VENTO METAL							XEFE DE DPTO.:	GONZALO SÁNCHEZ	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	-----	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h
ECTS/CUAD.	3	3	3	3					Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os previstos na proba de acceso ó centro.	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: co instrumento principal, como complemento ó estudo do mesmo, posibilitando unha visión máis completa e complexa do fenómeno musical	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E15
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de Outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1- Coñecer física e morfolóxicamente o trombón de varas, o seu sistema mecánico, a súa conservación e o seu mantemento.	T3, T6, T13, X1, X2, X3, X9, X11, X24, E1, E2, E3, E4, E8, E10
2- Adoptar unha posición corporal correcta que permita a colocación do instrumento e coordinación entrámbalas dúas mans.	T3, T13, X1, X24, X26, E4, E10
3- Controlar o aire mediante unha respiración profunda e unha axeitada formación e desenvolvemento da embocadura para conseguir unha correcta emisión, afinación e articulación do sonido.	T3, T6, T11, T13, X1, X2, X3, X9, X11, X24, E1, E4, E5
4- Iniciar e desenvolver un control na vibración dos beizos (BUZZ) nun rexistro acorde ó nivel deste curso.	T3, T6, T11, T13, X1, X2, X3, X24, E1, E4

5- Coñece-las posibilidades sonoras do instrumento e saber utilízalas na práctica individual, demostrando unha sensibilidade auditiva para controla-la afinación e a calidade sonora do instrumento.	T1, T3, T11, T13, X1, X9, X11, X16, X24, X26, E1, E2, E4, E6
6- Coñece-las seis primeiras posicións do trombón, desenvolvendo os reflexos necesarios para controla-la afinación e a calidade do sonido en cada unha delas.	T3, T6, T9, T10, T13, T17, X1, X2, X3, X7, X11, X24, X26, E1, E2, E3, E4, E5, E8, E10
7- Iniciar o coñecemento das diferentes articulacións (ligado, picado e as súas variantes) coñecendo o papel que xoga o uso da lingua e o aire na produción das mesmas.	T1, T3, T6, T13, T17, X1, X2, X3, X5, X7, X9, X11, X16, X26, E2, E3, E4, E6
8- Interpretar un repertorio básico integrado por obras dunha dificultade acorde con este nivel.	T1, T3, T6, T9, T10, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X7, X9, X11, X16, X24, X26, E1, E2, E3, E4, E5, E8, E10

4. CONTIDOS CUADRIMESTRE I-IV		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1- Coñecemento das partes do trombón.	Montaxe, coidado e mantemento básico.	2
2- Técnica básica corporal.	Colocación do corpo e do instrumento, respiración, colocación dos beizos e da embocadura, produción do sonido.	16
3- Emisión	Coordinación entre a lingua, o aire e a vara, para a emisión do son.	16
4- Legato	O legato en posición fixa.	8
5- Técnica de vara	Coñecemento do mecanismo da vara: a 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª posición.	16
6- Participación nas actividades propostas polo profesor	Participación nas actividades dentro do cuadrimestre propostas polo profesorado	1
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias: <i>Trátase de facer unha explicación sobre o traballo a desenvolver nunha sesión determinada. Neste apartado tamén incluíramos os exercicios técnicos baseados na imitación profesor-alumno, relativos ós contidos a tratar nesa sesión</i>	2		2
Exposición maxistral: <i>Esta actividade consiste en poñer exemplos prácticos ó alumnado de forma que poida interiorizalos con máis facilidade, tratándose en moitos casos de contidos abstractos. É tamén un punto de partida para a imitación.</i>	12		12
Exposición práctico-teórica: <i>Trátase de enlazar os exemplos prácticos cos coñecementos que o alumnado posúe, así como outros que vai ir adquirindo.</i>	12		12
Práctica individual: <i>Conforma o punto metodolóxico máis importante dentro da planificación docente, posto que estamos tratando cunha materia baseada na práctica (instrumental). O alumnado baseará o seu traballo autónomo nestepunto, de aí o número de horas previstas a tal fin.</i>		48	48
Práctica individual supervisada: <i>Eentendemos por tal, todo o traballo feito nas sesións previstas.</i>	14		14
Actividades de avaliación: 1. <i>Probas: inclúese aquí tanto as audicións de carácter público e aberto, como as probas que periódicamente se realizarán no horario de clase habitual.</i> 2. <i>Revisión de probas: reservamos unha hora para este fin, co obxecto de comentar co alumnado de forma individual ou colectiva o grao de satisfacción acadado nas probas feitas</i>	1 1		1 1
TOTAL HORAS:			90

6. AVALIACIÓN			
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Observación directa e sistemática do traballo realizado en cada sesión.	Dominio técnico do instrumento na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais	T1, T3, T6, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X5, X9, X11, X16, X24, X26, E1, E2, E4, E5, E6, E10	60%
Audicións programadas	Posta en público do repertorio solístico traballado nas clases	T3, T9, T10, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X7, E1, E2, E3, E4, E5, E8, E10	40,00%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Observación directa e sistemática en cada sesión.	Dominio técnico do instrumento na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais	T1, T3, T6, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X5, X9, X11, X16, X24, X26, E1, E2, E4, E5, E6, E10	60%
Proba extraordinaria na que se requirirán os estudos e obras recollidos no punto 7 da presente guía	Comprobación directa daqueles contidos non comprobados nas clases	T1, T3, T6, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X5, X9, X11, X16, X24, X26, E1, E2, E4, E5, E6, E10	40,00%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) MÁIS DE 3 FALTAS DE ASISTENCIA INJUSTIFICADA			
Proba extraordinaria na que se requirirán os estudos e obras recollidos no punto 7 da presente guía.	Comprobación directa daqueles contidos non comprobados nas clases.	T1, T3, T6, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X5, X9, X11, X16, X24, X26, E1, E2, E4, E5, E6, E10	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Proba extraordinaria na que se requirirán os estudos e obras recollidos no punto 7 da presente guía	Comprobación directa daqueles contidos non comprobados nas clases	T1, T3, T6, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X5, X9, X11, X16, X24, X26, E1, E2, E4, E5, E6, E10	100%

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS
<p>ESTUDOS TÉCNICO-MELÓDICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> -“Aprende tocando o trombón” Peter Wastall, ata unidade 9 -“Método para trombón tenor” B. Slokar-Marc Reift -“Yamaha trombone Student” J. Kinyon-J. O'Reilly -“Escuchar, leer y tocar”+CD, editorial “de haske”

9. OBSERVACIÓNS
<p>A presente programación docente enténdese como unha ferramenta educativa capaz de axudar tanto ó profesor coma ó alumno/a. En ningún caso utilizarase coma un documento ríxido e inflexible de cara á labor docente, polo que deberá reinterpretarse e adaptarse atendendo ás cualidades, necesidades e carencias de cada alumno.</p> <p>O listado bibliográfico referido no punto 7, constitúe unha referencia orientativa, da que se seleccionarán os materiais pertinentes, poidéndose substituír por outras referencias dun nivel equivalente</p>